



## XUNTA DE COORDINACIÓN DO VALEDOR DO POBO CELEBRADA O 4 DE XUÑO DE 2018

DATA: 4 de xuño de 2018

HORA DE COMEZO: 09.30 h

HORA DE REMATE: 10.00 h

### ASISTENTES:

Dona Milagros María Otero Parga (valedora do pobo)  
Don Pablo Cameselle Martínez (adxunto do valedor)  
Don Fernando Luis de Andrés Alonso (secretario xeral)  
Dona María Beatriz González Moreno (coordinadora xeral)  
Dona María Puy Fraga (xefa de servizo I)  
Don Santiago González Serrano (xefe de servizo II)  
Don José Ramón Cólera Leirado (responsable técnico)  
Dona Nuria Palmero Sande (responsable técnica)  
Dona Cristina Fernández San Silvestre (responsable técnica)  
Don Salvador Fernández Moreda (responsable técnico)  
Dona Isabel Alvite Menor (responsable técnica)

### Orde do día:

- 1.- Estado das queixas e outros temas
- 2.- Rogos e preguntas

### Deliberacións

#### 1- Estado das queixas e outros temas

A valedora informa de que estivo co defensor do pobo andaluz tratando a forma na que se realizan as mediacións nesa institución. Aporta documentación publicada polo DPA sobre o tema.

O secretario xeral informa de que se enviou á Mesa do Parlamento de Galicia a petición de orzamento para o novo sistema informático, a plataforma de administración electrónica e outros contratos. Despois da eventual aprobación faranse os seguintes trámites dos citados contratos.

Tamén indica que o informe extraordinario de accesibilidade presentárase no momento en que nos cite o presidente do Parlamento de Galicia.

A coordinadora xeral comenta a súa preocupación pola convocatoria da proba de ABAU sen as exencións anunciadas.

O adxunto informa de que mañá visita un centro penitenciario con membros do equipo do Defensor del Pueblo como medio de vixilancia do Mecanismo para a Prevención da Tortura.

A xefa de servizo informa do trámite de queixas da súa responsabilidade.

O xefe de servizo II informa dos trámites coa Xunta de Galicia sobre a plataforma de contratación.

Isabel Alvite informa dunha recomendación que prepara sobre soportes informáticos libres e da aceptación da recomendación formulada á TVG para que ampliara a programación accesible ás persoas xordas.

## 2- Rogos e preguntas

Non hai rogos e preguntas

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión. Redacto esta acta como secretario da Xunta de Coordinación.



O secretario xeral  
Fernando de Andrés Alonso



V. e Pr.



Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo